B.25) SOLICITUDE DE INSUA DIAZ LOPEZ, C.B RELATIVO A PROXECTO TECNICO DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL EN PLANTA BAIXA SEN USO ESPECIFICO EN C/ CAMIÑO REAL, S/N (XOVE).

Vista solicitude formulada por Insua Díaz López, C.B con C.I.F nº: E-27.346.493 con domicilio en Plaza Juan Donapetry - Baixo (27850 Viveiro), para realización de obras de acondicionamento de local en planta baixa sen uso específico en Edificio Riomayor - Camiño Real, S/n (Xove).

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras de acondicionamento do local que se pretenden realizar, de acordo coa documentación que se aporta, subscrita polo Arquitecto Técnico Don Pablo Dorado Lanza, sitúanse dentro do Núcleo Urbano de Xove e dentro da volumetría dun edificio existente, situado na planta baixa do mesmo e dispoñendo este inmovible da correspondente Licenza de Obra e de Primeira Ocupación. Estas obras adaptaranse a vixente Normativa Urbanística do Concello de Xove. Normas Subsidiarias e Complementarias do Planeamento; por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- As instalacións necesarias para á realización destes traballos, deberán estar perfectamente valladas, na zona de arcen, coas sinalizacións correspondentes. Así como a disposición de luces de sinalización en horas nocturnas pola súa situación en plena de zona urbana.
- As instalacións auxiliares e a propia obras, disporán do correspondente seguro de responsabilidade civil.
- O contorno da instalación deberá estar perfectamente limpo.
- Deberase satisfacer as taxas correspondentes por ocupación de vía pública, durante o tempo de permanencia de ditas instalacións.
- Tendo en conta que de acordo co proxecto que se achega, as obras que se pretenden, terán consideración de obras de acondicionamento non poderán afectar a elementos estruturais nin suporán aumento de volume.
- Respectarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e contorno, adaptándose na súa totalidade estas obras de acondicionamento ó solicitado.
- Durante a execución dos traballos, tomaranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto na execución das obras como da vía.
- A apertura do local para calquera actividade, esta supeditada o outorgamento da Licenza de Actividade para este local e para o uso actividade que se vaia a desenrolar no mesmo.
- De acordo con todo o exposto anteriormente, informase favorablemente as obras que se solicitan.

OBSERVACIÓNS: Deberase solicitar a licenza de apertura de actividade.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 17.033,07€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 340,66€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C) CONTAS E FACTURAS

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL.

D.1) PETICIÓN DE RATEO DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA FORMULADO POR D. JOSE MANUEL COCIÑA RIVERA DERIVADO DE BAIXA DEFINITIVA DE VEHÍCULO.

Vista solicitude de rateo de cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2007, formulada por D. Jose Manuel Cociña Rivera, con D.N.I. nº: 77.591.723 - G, con domicilio en Fontes, 3 (27878 Sumoas), por baixa con data de 07/08/2007 do vehículo Peugeot 106 matricula LU-9601-J, según acredita con documentación da Xefatura de Tráfico.

Visto informe de Secretaría relativo ó disposto na alínea terceira do art. 97 da Lei 39/1988 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais. Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O rateo da cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2007, correspondente ó último trimestre do ano 2007, estimando procedente a devolución deste trimestre ó interesado.

2º) O libramento da cantidade de 8,52€ ó solicitante polos conceptos anteditos.

D.2) ESCRITO DO CLUB BALONCESTO XOVE SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDO NA XGL DO 06/02/2007.

Vista solicitude de D. Jose Iravedra López, en calidade de presidente do Club Baloncesto Xove e con domicilio en C/ Agramonte, 6 (27870 Xove) os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 12.000,00€ na Xunta de Goberno Local de 06/02/2007.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas por importe de 10.221,70€

2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 2.250,00€

D.3) ESCRITO DO CLUB TENIS PALMEIRO SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDO NA XGL DO 06/03/2007.

Vista solicitude de D. Jesús Gradaille Martínez, en representación do Club de Tenis Palmeiro, con domicilio a efectos de notificación en Urbanización Palmeiro, 69 – 3ºA(27879 Rigueira) os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 1.000,00€ na Xunta de Goberno Local de 06/03/2007.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas por importe de 1.044,00€

2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 300,00€

D.4) ESCRITO DO I.E.S ILLA DE SARON SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDO NA XGL DO 09/07/2007.

Vista solicitude de D. Gabriela Etcheverry Ciancio, en calidade de secretaria do I.E.S Illa de Sarón, con domicilio a efectos de notificación en Agramonte, S/N (27870 Xove) os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 2.405,00€ na Xunta de Goberno Local de 09/07/2007.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas por importe de 26.059,41€

2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 721,50€

D.5) SOLICITUDE DE D. FERNANDO MENDAÑA RODRÍGUEZ DE BAIXA EN VADO PERMANENTE Nº 55.

Vista solicitude formulada por D. Fernando Mendaña Rodríguez con D.N.I. nº: 76545478 – Y, con domicilio en Avda. Diputación, 55 – 1º (27870 Xove) que solicita a baixa no vado permanente asignado á súa vivenda (vado nº55); por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

1º) Conceder a baixa no vado permanente solicitado.

2º) A notificación ó interesado os efectos procedentes.

D.6) SOLICITUDE DE RENUNCIA DE Dª. ISABEL ROUCO GALDO DE EXECUCIÓN DE OBRAS EN BELTRAN - LAGO.

Visto escrito presentado por Dª. Isabel Rouco Galdo con D.N.I. nº: 33763791 - K con domicilio en Beltrán, 5 (27878 Lago) de renuncia a licenza de obra que se lle foi concedida por Decreto con data 19/09/2007 consistente na cobertura con pizarra dun galiñeiro, así como anular as taxas a liquidar.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda acepta-la renuncia solicitada, así como anular a liquidación do imposto elaborada, e a notificación á interesada os efectos oportunos.

D.7) SOLICITUD DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE ACTIVIDADE DEFINITIVA DE CANTERAS PREBETONG, S.L SITA EN ABELLEIRA – XUANCES.

Vista solicitude de D. Manuel Gómez Álvarez en calidade de Conselleiro Delegado de Canteras Prebetong,S.L, con C.I.F nº: B-36.816.463 con domicilio en C/ Brasil, 56 (36204 Vigo), de cambio de titularidade de licenza de actividade de canteira sita en Abelleira - Xuances, que en la actualidade figura a nome de Áridos del Cantábrico, S.A para que figure como novo titular Canteras Prebetong, S.L.

Visto así mesmo que con fecha 30 de marzo de 2004, expediuse a licenza municipal para apertura dunha canteira en Abelleira – Xuances.

Vista acta de inspección de actividades do Arquitecto Técnico Municipal que manifesta que de acordo coa solicitude de cambio de titularidade de licenza definitiva para a actividade de canteira de extracción de áridos e das instalacións emprazadas dentro da mesma, e persoado o técnico que suscribe no establecemento, puido constatar que a actividade cuio cambio de titularidade se pretende, continuará coa mesma actividade para que no seu día se concedeu a oportuna licenza municipal a favor de Aridos del Cantábrico S.A. como Canteira de extracción de áridos e das instalacións emprazadas dentro da mesma. Informase favorablemente o cambio de titularidade que se solicita para esta actividade, nas mesmas condicións que a licenza outorgada no seu día e coa obrigatoriedade de dar cumprimento ás normativas en vigor.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Autorizar o cambio de titularidade da licenza de Actividades Molestas, Nocivas e Perigosas da Canteira de Extracción de Áridos e das instalacións emprazadas dentro da mesma, sita en Abelleira-Xuances-Xove; para que sexa substituído como titular Canteras Prebetong S.L. con C.I.F: B-36.816.463.

2º) Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

D.8) ESCRITO DE D. JOSE MANUEL CANDAL GARCÍA, EN REPRESENTACIÓN DE EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L SOLICITANDO DEVOLUCIÓN DE CUOTA IAE CORRESPONDENTE O SEGUNDO, TERCEIRO E CUARTO TRIMESTRE.

Por Secretaría dáse conta da solicitude de D. Jose Manuel Candal García, en representación de Excavaciones y Obras Candal,S.L, con CIF B-15496219, con domicilio en Lg. A Brea – Mesón do Vento (15680 Ordes), no que sinala que a súa representada abonou o importe da liquidación do IAE correspondente o exercicio 2007 e presentou cese de actividade en Hacienda o día 22 de febreiro de 2007, polo que solicita que se devolva a cota tributaria do epígrafe 1/5012 do IAE, correspondente o segundo, terceiro e cuarto trimestre de 2007.

Visto o informe da Interventora Municipal, no que sinala que procede a devolución do concepto solicitado.

Pola Xunta de Goberno local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Proceder á devolución a Excavaciones y Obras Candal, S.L do importe aboado polo IAE 2007 por importe de 522,38€

2º) A notificación ó interesado os efectos procedentes.

D.9) SOLICITUDE DE D. MANUEL BASANTA GONZALEZ DE SEGREGACION DE FINCA SITA EN BORDECAS – CAMBA (XUANCES).

Dada conta do escrito presentado por D. Manuel Basanta González, con D.N.I. nº: 33.764.823 - H, e con domicilio en Rúa Grupo Atalaya, 5 – 3ºB(27890 San Ciprian), no que solicita segregación de parcela sita en Bordecas – Camba (Xuances), segundo o proxecto que se xunta.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico no que se sinala que:

“A parcela que se pretende segregar, sitúase dentro de unha área delimitada como Solo Non Urbanizable de Núcleos Rurais.-Artigo 103.Normas Subsidiarias Concello de Xove. Solo de Núcleo Rural de Acordo co artigo 24 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro.

De acordo coa documentación aportada, subscrita pola Arquitecta Dª Patricia Vázquez Mille e referida a actual Normativa vixente, na que se especifica o estipulado no artigo 13.3 da Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004 referido a delimitación do núcleo rural consolidado e pola dimensión das parcelas, pódese realizar a segregación solicitada, sempre e cando resulte de cada unha das parcelas segregadas, unha superficie mínima de 600 m², con fachadas ambas o vial do acceso, e posibilidade de retranquear 3,00metros, calquera edificación dentro de cada unha das parcelas resultantes, cos lindes colindantes, así como as correspondentes distancias frontais e viais.

Así mesmo o amparo do estipulado no artigo 205, trátase claramente dentro dunha parcela da mesma propiedade na que se pretenden separar unha parte da parcela da finca matriz, para a creación de outra nova dentro do mesmo núcleo rural e perfectamente

edificables, ambas, polas superficies das mesmas e con acceso rodado consolidado, e quedando ditas parcelas edificables para unha única vivenda unifamiliar, e respetando este modo o espírito da Lei do Solo de Galicia de evitar a creación de urbanizacións encubertas dentro do ámbito do núcleo rural tradicional.

Por todo o anterior exposto;

Integración das parcelas dentro do ámbito do núcleo rural tradicional de Camba, parcelas superiores a 600,00m², e ambas con fachada o vial público, infórmase favorablemente a segregación que se solicita, quedando a configuración definitiva da finca segregada coas superficies seguintes:

Parcela matriz nº822: 1.624,00m².-

Parcelas resultantes da segregación proposta:

Parcela A: 1.000,00m².-

Parcela B: 624,00m².-”

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de segregación interesada, nos termos recollidos na documentación que consta no expediente.

2º) Dar traslado do presente acordo ó interesado así como fotocopia de toda a documentación, os efectos procedentes.

D.10) LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ACTIVIDADE INOCUA DE CLINICA DENTAL SITA EN AVDA. DIPUTACIÓN, 66 BAIXO (XOVE)

Visto o expediente tramitado a instancia de D. Sergio Javier Rosenfeld Mindlin, con domicilio en Avda. Ferrol, 13 – 3ªA (27850 Viveiro), que solicita a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento que haberá de dedicarse a clínica dental, cuxo local atópase sito en Avda. Diputación, 66 baixo deste termo municipal.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende obter. No uso das facultades conferidas pola Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de 2 de abril de 1985 e Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local aprobado por R. D. Legislativo 781/1986 de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda conceder a licenza que se solicita.

D.11) ESCRITO DE IMPULSO INDUSTRIAL ALTERNATIVO, S.A SOLICITANDO LA RECTIFICACION DE RECIBO DE IAE 2007.

Por Secretaría dáse conta da solicitude de Impulso Industrial Alternativo S.A, con CIF A82068446 , con domicilio en Paseo Castellana, 123 D 7 B (28046 Madrid), no que sinala que o centro de traballo cerrouse no primeiro trimestre de 2007, polo que solicita se volva a emitir dito recibo, liquidando solo o primeiro trimestre de 2007.

Visto o informe da Interventora Municipal, no que sinala que procede a emisión do novo recibo solicitado.

Pola Xunta de Goberno local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Proceder a emisión de novo recibo do IAE 2007 correspondente o primeiro trimestre de 2007.

2º) A notificación ó interesado os efectos procedentes.

D.12) APROBACIÓN DE XUSTIFICACIÓN DE GASTO DE AXUDA PARA ACONDICIONAMENTO DE CONTORNO DE VIVENDA HABITADA INSTADA POR Dª. MARIA FENE PEREZ CASARIEGO.

Visto informe do expediente respectivo emitido polo Arquitecto Técnico Municipal no que sinala: “ Persoado o técnico que suscribe no domicilio da solicitante, no lugar de Gulpilleiras nº: 2 – Rigueira, puido constatar que no contorno da súa vivenda executáronse os traballos correspondentes o contorno da súa vivenda. Ditos traballos están en sintonía co presuposto presentado polo solicitante” e de conformidade co acordo de 23 de xaneiro de 2006 da Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase aprobar a xustificación documental do gasto da axuda concedida a D^a. Maria Fene Perez Casariego, con D.N.I. nº: 76.536.419 - D, con domicilio en Pazo, 2 (27879 Rigueira), por importe de 299,47€ e o seu libramento á interesada, condicionado a que se atope ó corrente das súas obrigas tributarias con esta Entidade.

D.13) AXUDA PARA OBRA NO MEDIO RURAL PARA ACONDICIONAMENTO DE CONTORNO DE VIVENDA HABITADA, INSTADA POR D^a. LUISA ALVAREZ PRIETO.

Pola Xunta de Goberno Local, vista a solicitude, formulada por D^a. Luisa Alvarez Prieto con D.N.I. nº: 33763780 - X, con domicilio en Vilar, 20 (27878 Lago) para contorno de vivenda a acondicionar sita no mesmo lugar e visto informe favorable do Arquitecto Técnico Municipal, sempre e cando se atope aberto o prazo correspondente para as ditas axudas no medio rural, e toda vez que se abriu un prazo no mes de abril, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da axuda ó solicitante, para acondicionamento de contorno de vivenda habitada ata un importe máximo de 300,51€ para o fin antedito de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local nesta materia.

2º) Unha vez rematadas as obras, o solicitante deberá avisar ó Arquitecto Técnico Municipal para que efectúe visita de comprobación.

3º) Despois da visita de comprobación o interesado presentará no Concello a factura para xustificación documental do gasto e aprobación do pago pola Xunta de Goberno Local da cantidade procedente.

D.14) DECRETOS E RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local dos decretos e resolucións ditados polo Sr. Alcalde Presidente, dende a data de celebración da anterior sesión da Xunta de Goberno Local, ata o día de hoxe.

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

D.15) AXUDA DE INDIVIDUAL DE TERMALISMO SOCIAL A D. NAZARIO SÁNCHEZ MARTÍNEZ.

Vista solicitude formulada por D. Nazario Sánchez Martínez con D.N.I. nº 33.705.378 - M, con domicilio en Carballo nº 4 (27878 Morás) para axuda de viaxe de terceira idade a balneario, acompañando certificación correspondente á súa estancia, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión e libramento dunha axuda por importe de 60 € debendo atoparse o perceptor da axuda ó corrente das súas obrigas fiscais con esta entidade.

D.16) AXUDA DE INDIVIDUAL DE TURISMO SOCIAL A D^a. EMMA LÓPEZ ABAD.

Vista solicitude formulada por D^a. Emma López Abad con D.N.I. nº 33.707.037 - P, con domicilio en Avda. Diputación nº 51 (27870 Xove) para axuda de viaxe de turismo

social, acompañando certificación correspondente á súa estancia, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión e libramento dunha axuda por importe de 60 € debendo atoparse o perceptor da axuda ó corrente das súas obrigas fiscais con esta entidade.

D.17) SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA MINUSVÁLIDOS DE D. DAVID ANSELMO COCIÑA LÓPEZ.

Vista solicitude formulada por D. David Anselmo Cociña López con D.N.I. nº 32.560.869 – E, con domicilio en Avda. Diputación nº 68 (27870 Xove) no que manifesta que ten recoñecida un grao de minusvalía do 38% e que sofre a amputación do membro inferior dereito, polo que solicita a modificación da Tarxeta de Estacionamento para Minusválidos por cambio de vehículo.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Conceder a modificación da Tarxeta de Estacionamento para Minusválidos solicitada, para que esta sexa asignada ó vehículo con matrícula 4314 FVN marca Opel Meriva.

2º) A Notificación a D. David Anselmo Cociña López, con domicilio en Avda. Diputación, 68 (Xove), os efectos procedentes.

D.18) SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE XORNADA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DE DÑA. ESTELMA LÓPEZ PÉREZ.

Vista solicitude formulada por Dña. Estelma López Pérez, con domicilio en San Vicente nº 5 (27979 Rigueira) na que solicita a ampliación de 2 horas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar que pasará a ser de 12 horas semanais.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Aumentar o número de horas da solicitante para que pasen a ser 12 horas semanais.

2º) A notificación á interesada, os efectos oportunos

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.19) SOLICITUDE DE REDUCCIÓN DE XORNADA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DE DÑA. GEMA DOMINGUEZ LOUZAO.

Vista solicitude formulada por Dña. Gema Domínguez Louzao, con domicilio en Ponte do Carro nº 6 – (27879 Rigueira) na que solicita a redución de 2 horas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar que pasará a ser de 4 horas semanais.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Reducir o número de horas da solicitante para que pasen a ser 4 horas semanais.

2º) A notificación á interesada, os efectos oportunos

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.20) SOLICITUDE DE REDUCCIÓN DE XORNADA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DE Mª DOLORES DIAZ MARTINEZ.

Vista solicitude formulada por Dª María Dolores Díaz Martínez, con domicilio en Avda. Diputación, 60 (27870 Xove) na que solicita a redución de 3 horas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar que pasará a ser de 9 horas semanais.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º) Reducir o número de horas da solicitante para que pasen a ser 9 horas semanais.
- 2º) A notificación á interesada, os efectos oportunos
- 3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Iía Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.21) ESCRITO DE KINARKA SOLICITANDO LA RECTIFICACION DE RECIBO DE IAE 2007.

Por Secretaría dáse conta da solicitude de Kinarca, con CIF ES-A36.646.040 , con domicilio en Camiño de Romeu, 25 (36.213 Vigo), no que solicita se volva a emitir dito recibo, liquidando solo os 2 primeiros trimestre de 2007.

Visto o informe da Interventora Municipal, no que sinala que procede a emisión do novo recibo solicitado.

Pola Xunta de Goberno local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º) Proceder a emisión de novo recibo do IAE 2007 correspondente os 2 primeiros trimestre de 2007.

D.22) CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA PARA OBRA A D. DANIEL CAJETE FERNÁNDEZ EN PENAS AGUDAS, 4 (MONTE).

Vista solicitude presentada por D. Daniel Cajete Fernández, con D.N.I. nº: 76.569.955 - B, con domicilio en Penas Agudas, 6 (27879 Monte), para entroncamento de auga , para vivenda sita en Penas Agudas, 4 -Monte, por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que será necesario a construción dunha arqueta de chaves e colocación dun contador, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) A concesión do entroncamento solicitado por D. Daniel Cajete Fernández para vivenda sita en Penas Agudas, 4 - Monte.

- 2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación, debendo ser instalado o contador polos servizos municipais.

D.23) CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS PARA OBRA A D. MIGUEL LOPEZ LOPEZ NO PARQUE EMPRESARIAL DE XOVE PARCELA 43 -44 (XUANCES).

Vista solicitude presentada por D. Miguel López López, con D.N.I. nº: 34.637.924 - Q, con domicilio en Crta. De Riobarba, 59 (27850 Covas), para entroncamento de auga e rede de sumidoiros para nave sita en Polígono Industrial de Camba -Xuances, por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que será necesario a colocación dun contador, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) A concesión do entroncamento solicitado por D. Miguel López López para nave industrial sita no Polígono Industrial de Camba – Xuances.

- 2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento,

debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación, debendo ser instalado o contador polos servizos municipais.

D.24) CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS PARA OBRA A D. JOSE MANUEL GARCIA PEREZ EN AVDA. DIPUTACIÓN, 44 (XOVE).

Vista solicitude presentada por D. Jose Manuel García Pérez, con D.N.I. nº: 77592003 - P, con domicilio en Avda. Diputación, 44 (27870 Xove), para entroncamento de auga e rede de sumidoiros, para ampliación de edificio sito en Avda. Diputación, 44 - Xove, por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que será necesario a construción dunha arqueta de claves, a canalización de 3 metros de tubaría 32 en 10 Atm. U.A e colocación dun contador. A obra será realizada por Garper , por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) A concesión do entroncamento solicitado por D. Jose Manuel García Pérez.
- 2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación, debendo ser instalado o contador polos servizos municipais.

D.25) CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA PARA OBRA A Dª. BELEN LAZARO SEARA EN PRAIA DE ESTEIRO - XUANCES.

Vista solicitude presentada por Dª. Belén Lázaro Seara, con D.N.I. nº: 33.303.543 - A, con domicilio en C/ Benito Galcerán, 22 – 24 5ºG (27850 Viveiro), para entroncamento de auga para construción de vivenda unifamiliar sita en Praia de Esteiro - Xuances, por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do encargado de augas, no que sinala que será necesaria a construción dunha arqueta de claves, a canalización de 4 metros de tubaría de 25 en 10Atm. U. A e colocación dun contador. Será necesario cruzar a Carretera pertencente a Diputación Provincial, e valorase a obra a realizar de acordo co vixente Acordo Regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais, en 229,49€ co seguinte desglose:

1 Arqueta con tapa 30X30	26,49€
1 Collarín de 40 jinten	4,25€
1 Chave de ¾ bola	6,13€
1 Chave de paso 1 bola.....	8,92€
1 Redución 1” – ¾ latón.....	2,23€
2 Terminais de 25 – ¾	7,00€
4 Tubo de 25 en 10 Atm U.A	6,82€
4 Mano de Obra de 1 oficial e 2 peóns.....	124,00€
0.4 Metros canalización en todo tipo de terreo.....	12,00€
Subtotal:.....	197,84€
IVA 16%:.....	31,65€
TOTAL	229,49€

Por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento solicitado por D^a. Belén Lázaro Seara para construción dunha vivenda unifamiliar sita en Praia de Esteiro – Xuances.

2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación, debendo ser instalado o contador polos servizos municipais.

D.26) CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS PARA OBRA A D. JOSE MANUEL ALVAREZ RODRIGUEZ EN ANCIL-LAGO.

Vista solicitude presentada por D. José Manuel Alvarez Rodríguez, con D.N.I. nº: 33.992.889-Q , con domicilio en Alto de Lago, 13 (27878 Lago), para entroncamento de auga e rede de sumidoiros, para a próxima construción de vivenda unifamiliar sita en Ancil-Lago; por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do encargado de augas, no que sinala que será necesaria a construción dunha arqueta de chaves, a canalización de 3 metros de tubaría de 32 en 10Atm. U. A e colocación dun contador, e se valora a obra a realizar de acordo co vixente Acordo Regulador do prezo público pola prestación de Servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais, en 244,30€ co seguinte desglose:

1 Arqueta con tapa 40X40	34,86€
1 Collarín de 40 jinten	4,25€
2 Chave de 1 bola	17,84€
1 Mamelón de 1” latón	2,61€
4 Mano de obra de 1 oficial e 2 peóns.....	124,00€
0.3 Metros canalización en todo tipo de terreo.....	9,00€
2 Terminais de 32-1”	5,65€
3 Tubo de 32 en 10Atm.U.A	6,75€
Subtotal:.....	210,61€
IVA 16%:	33,69€
TOTAL:.....	244,30€

Por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento solicitado por D. José Manuel Alvarez Rodriguez, para construción dunha vivenda unifamiliar sita en Ancil-Lago.

2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación, debendo ser instalado o contador polos servizos municipais.

D.27) ESCRITO DA COMUNIDADE DE MONTES DE LAXAMOURA, SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDO PARA A FEIRA DE GANDO DE SAN BARTOLO 2007.

Vista solicitude de D. José Manuel Fernández Rodriguez, con domicilio en Vilariño, 5 (27879 Monte) os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do

porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 3.000€ na Xunta de Goberno Local de 1 de agosto de 2007.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas por importe de 3.736,87€

2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 900€

D.28) APROBACIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE VADOS DO EJERCICIO 2007.

Seguidamente, por Secretaría dáse conta do Padrón Municipal de Vados correspondente o exercicio 2007, o cal consta de 75 usuarios, e ascende a un total de 788,04€

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Aprobar provisionalmente o Padrón Municipal de Vados, correspondente o exercicio 2007.

2º) A publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado, no caso de que estas non se presentasen.

D.29) ACORDO DE CONCESIÓN DE AXUDAS Ó ESTUDIO PARA O CURSO 2006-2007 DE TRANSPORTE, COMEDOR, DOUTORADO E OPOSICIONS.

Por Secretaria dáse conta do informe da Traballadora Social, D^a Ana de la Barrera Vila relativo á solicitudes de becas transporte, comedor, doutorado e oposicións para o curso 2006-2007.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acorda a concesión e denegación das axudas ó estudio seguintes, así como a notificación os interesados:

CONCEDIDAS:

<u>NOME:</u>	<u>IMPORTE:</u>
- Catalina Dominguez Cociña	1.205,00€
- Elena Miragaya Prieto	1.205,00€
- Silvia Anes Suárez	1.205,00€
- Nazaret Canosa Insua	1.205,00€
- Vanesa González Míguez	1.205,00€
- Felipe Canoura Fernández	1.205,00€
- Manuel Cordovilla González	302,00€
- David Bermudez Ramudo	302,00€
- Yesica Loureiro Cociña	100,66€

DENEGADAS:

<u>NOME:</u>	<u>MOTIVO DA DENEGACIÓN:</u>
- Adriana Gadea Insua	Non ter xustificada a súa asistencia durante o curso 2006-2007.
- Ivan González Meitin	Non ter xustificada a súa asistencia durante o curso 2006-2007.

D.30) ESCRITO DE D. JOSE MIGUEZ ABAD, SOLICITANDO A BAIXA NO SERVIZO DE AUGAS E RECOLLIDA DE LIXO.

Por Secretaría dáse conta do escrito de D. Jose Miguez Abad con domicilio en Lamaboa, 1 (27870 Xove) no que solicita a baixa no servizo de augas e recollida de lixo do Concello, con nº de recibo 787000, pola venda da vivenda.

Visto o informe do Fontaneiro Municipal, no que sinala que: baixa de auga por non facerse cargo o propietario dos costes do mesmo e non dar datos para dito cambio.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Autoriza-la baixa solicitada.

2º) A notificación ó interesado así como ó Servizo de Augas do Concello, os efectos de baixa do devandito recibo.

D.31) ESCRITO DE D. ABEL LOPEZ QUELLE, SOLICITANDO A BAIXA NO SERVIZO DE AUGAS E RECOLLIDA DE LIXO.

Por Secretaría dáse conta do escrito de D. Abel López Quelle con domicilio en C/ Grupo Escolar, 13 – 1ºIzq no que solicita a baixa no servizo de augas e recollida de lixo do Concello, con nº de recibo 1016600, por cambio de acometida.

Visto o informe do Fontaneiro Municipal, no que sinala que: baixa contador destinado a rego de verduras.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Autoriza-la baixa solicitada.

2º) A notificación ó interesado así como ó Servizo de Augas do Concello, os efectos de baixa do devandito recibo.

D.32) SOLICITUDE DE LUIS ANGEL IGLESIAS HERMIDA DE SEGREGACION DE PARCELA SITA EN VILAR-LAGO

Dada conta do escrito presentado por D. Luís Angel Iglesias Hermida con D.N.I. nº 33.812.288-B e con domicilio en Viveiro no que solicita segregación de 2.223m² de parcela sita en Cierre de la Granda (Lago): Polígono 28, parcela 110; segundo o deseño que se xunta.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico no que se sinala que a parcela a que se pretende segregar, de acordo coa documentación aportada, polo solicitante, encontrase dentro do área delimitada como Chan non Urbanizable Común.-Artigo 104. Normas Subsidiarias Concello de Xove. Chan rústico de protección ordinaria. Artigo 29.1 da lei 15/2004 do 29 de decembro de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro.

De acordo coa documentación aportada, e referida a actual normativa vixente, e polas características e ubicación das parcelas, o amparo do Artigo 41 da lei 15/2004 de modificación da Lei 9/2002, deberase emitir informe previo da Delegación de Agricultura, antes da concesión da licenza por parte deste Concello.

Este técnico informa favorablemente da segregación que se solicita, toda vez que por parte da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, emitíuse o correspondente informe favorable, para a segregación da finca denominada como Cierre de la Granda, situado na parroquia de Lago, de este municipio, de Xove, con unha superficie de 2 has 16 áreas e 2 centiáreas, e as fincas resultantes da segregación, terán unha cabida de 93 áreas e a outra finca será de 1 hectárea , 22 áreas e 23 centiáreas, respectivamente, en consecuencia, a división respecta a superficie mínima indivisible que determina a lexislación agraria.

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de segregación interesada, nos termos recollidos na documentación que consta no expediente.

2º) Dar traslado do presente acordo ó interesado, así como fotocopia de toda a documentación, os efectos procedentes.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas, polo Sr. Alcalde -Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, certifico.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Pablo Sánchez Lage